



Programación Xeral Anual

Capítulo 1

Escola Oficial de Idiomas de Ferrol
Curso 2023-2024



ÍNDICE:

| | |
|--|---------|
| 1. Obxectivos | páx. 2 |
| 2. Medidas e recursos para a súa consecución | páx. 4 |
| 3. Horario xeral da EOI | páx. 8 |
| 4. Horario de atención ao público | páx. 10 |
| 5. Cadro xeral horario de atención titorial | páx. 12 |
| 6. Horario de utilización das instalacións da EOI | páx. 14 |
| 7. Calendario de avaliación da PXA e de autoavaliación da escola | páx. 15 |

1. Obxectivos

- 1.1. Promover os principios metodolóxicos establecidos no PEC.
- 1.2. Impartir en todos os cursos un aporte cultural, de costumes e tradicións dos países da fala a estudar.
- 1.3. Promover actividades complementarias e extraescolares que reflectan un mundo multicultural e plurilingüe. Actividades, como as xa consolidadas *Xornadas culturais*, nas que se involucran directamente o alumnado, profesorado e outras institucións, asociacións, etc. que permiten á escola ser unha escola aberta á sociedade. (Capítulo 3).
- 1.4. Crear un clima de boa convivencia no centro e fomentar a resolución de conflitos a través do diálogo e a negociación e/ou mediación poñendo en práctica o Plan de Convivencia do centro.
- 1.5. Favorecer o contacto directo cos países das linguas de estudo a través de viaxes, proxectos europeos, intercambios lingüísticos reais e/ou virtuais, etc.
- 1.6. Potenciar o galego oral no noso centro e procurar que a comunidade educativa desenvolva unha actitude positiva de cara ao galego identificándoo como unha lingua plenamente axeitada ás novas tecnoloxías, a unha vida activa e moderna a través da colaboración de toda a comunidade educativa no PLC do Equipo de dinamización da lingua galega (EDLG) (Capítulo 3).
- 1.7. Fomentar entre o alumnado e profesorado o uso da biblioteca e poñer todos os medios posibles para volver contar cun encargado/a de biblioteca con horario para poder dinamizar o seu uso. A biblioteca do centro está no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE).
- 1.8. Fomentar a lectura a través de clubs de lectura organizados por todos os departamentos da escola para poder mellorar as competencias de comprensión escrita e falada do alumnado.
- 1.9. Colaborar coa asociación de alumnado e ex alumnado Goethe, nas distintas actividades das linguas impartidas na escola que propoña para poder mellorar as competencias de comprensión e expresión escrita e falada. A programación desta asociación achégase á programación específica de actividades complementarias e extraescolares.



- 1.10. Fomentar a aprendizaxe autónoma a través da difusión e promoción dos medios e servizos dispoñibles así como o uso das novas tecnoloxías en favor da aprendizaxe de linguas.
 - 1.11. Fomentar a formación do profesorado e de toda a comunidade educativa ofrecendo distintas canles de participación na formación e favorecendo a participación (Capítulo 3).
 - 1.12. Difundir e promover as linguas impartidas nesta EOI, en especial as linguas minoritarias a través de visitas organizadas ao centro, clases-mostra e carteis publicitarios no centro e nas redes sociais.
 - 1.13. Garantir a seguridade de todos os membros da comunidade educativa a través de todas as medidas establecidas no Plan de Autoprotección do centro.
 - 1.14. Favorecer e fomentar o uso racional, sostible e ecolóxico dos recursos do centro.
 - 1.15. Contribuír á educación e á formación para a igualdade.
 - 1.16. Internacionalizar o centro a través da creación de vínculos con institucións a nivel internacional e a oferta de actividades formativas para o profesorado e o alumnado.
-

2. Medidas e recursos para a súa consecución:

Os puntos que se detallan a continuación fan referencia á posta en práctica das medidas e recursos para a consecución de cada un dos obxectivos establecidos no punto 1 e aparecen referenciados na mesma orde.

2.1 A dirección do centro fai especial fincapé na difusión do documento entre todo o profesorado do centro, especialmente entre o profesorado de nova incorporación. O documento está publicado na páxina web do centro para coñecemento de toda a comunidade educativa. É obriga e responsabilidade de todo o profesorado a súa posta en práctica.

2.2 Este apartado será responsabilidade directa do profesorado, que traballará estes aspectos co seu alumnado na aula. Disporá de material complementario no departamento e tamén na biblioteca. A xefatura de departamento debe velar pola existencia deste material e destinar parte dos recursos económicos do departamento para tal fin.

Neste curso os departamentos de alemán, francés, inglés e portugués contan con asistentes lingüísticos de Alemaña, Tunisia, EEUU e Brasil, respectivamente, que incluírán nas súas actividades a promoción cultural dos seus países.

2.3 A vicedirección elaborará o programa destas actividades a inicio de curso que se achegará á Programación Xeral Anual. Todo o profesorado recibirá a través do correo electrónico información detallada das actividades e a súa secuenciación e temporalización para que sexa transmitida a todo o alumnado. A vicedirección reunirse e coordinarase cos diferentes departamentos, asociacións, institucións, etc. e presentará á dirección un proxecto cos recursos necesarios para a execución das mesmas en colaboración coa secretaría e a xefatura de estudos. As actividades que xurdan ao longo do curso nos distintos departamentos que non foran programadas serán presentadas á vicedirección para ser analizadas e, se é factible, levalas a cabo.

As asociacións e institucións que colaboran con estas actividades a través da coordinación coa vicedirección son:

- A asociación Goethe de alumnado e ex alumnado que realiza actividades extraescolares.

Durante este curso, terán aulas asignadas para manter as súas reunións, gardar material, impartir cursos, etc. O centro proporcionaralle os recursos que sexan necesarios para o seu funcionamento e desenvolvemento das actividades propostas e aprobadas, sempre que sexa posible e non entorpeza a actividade lectiva.

- CIFP Leixa, cuxos ciclos formativos de grao medio e superior de Artes Gráficas colaboran con esta EOI para o deseño e maquetaxe da nosa revista escolar *Diálogo*, para a elaboración de programas das xornadas culturais, carteis, etc.
- O cine Dúplex emite películas en versión orixinal e organiza un ciclo “Dúplex X EOI”. Os departamentos participantes propoñerán as películas que poidan ser de interese e promocionarán a asistencia do alumnado a esta actividade para a súa explotación posterior nas aulas.

2.4 O Plan de Convivencia do centro, vixente dende o ano 2012, é o documento base para conseguir este obxectivo. A dirección do centro e o Consello Escolar velarán pola súa posta en práctica e tomarán as medidas pertinentes para conseguir este obxectivo.

A comunidade pode participar na mellora da convivencia facendo as súas achegas e suxestións a través da páxina web do centro na sección de ‘Alumnado’ no apartado de ‘Suxestións’, usando os formularios de suxestións para a convivencia e avaliación de trato e de atención recibidos. A dirección e vicedirección do centro serán as responsables de darlle resposta e canalizar e xestionar as posibles melloras.

2.5 Dende o curso 2021-22 a EOI de Ferrol participa no proxecto europeo *PANEL (Pandemic Emergency and E-learning)* dentro do programa Erasmus+ en colaboración con outras cinco institucións de cinco países (España, Francia, Israel, Italia (coordinadores) e Grecia) que rematará en maio de 2024 e que permite a asociación de aprendizaxe, intercambio lingüístico, intercambio cultural, etc. María José Conde Torrado e Encarnación Oubiña Parracho encargáronse da coordinación deste proxecto no centro.

Así mesmo, as xefaturas de departamento, en colaboración coa vicedirección, tentarán organizar viaxes a países de fala das linguas de estudo e establecerán o calendario para a súa realización.

2.6 A coordinadora do EDLG, Juana M^a Rodríguez Bugía, presenta o proxecto lingüístico “Contornas” e irá informando nas CCP, nas redes sociais, a través do correo electrónico e en reunións específicas co alumnado e profesorado das actividades a realizar. Levará a cabo o proxecto coa participación dun grupo que inclúe profesorado, persoal non docente e alumnado e en estreita colaboración coa vicedirección e a dirección.

2.7 Contamos coa axuda da profesora Virginia Fernández González, con asignación horaria para adicación á biblioteca do centro, o cal posibilita a realización de actividades específicas de uso e fomento deste espazo-recurso, tan importante para o centro. Tamén poñerá en marcha as liñas prioritarias establecidas na convocatoria de participación no PLAMBE e encargáronse da organización e xestión do alumnado voluntario que colabora

con este servizo, tal e como ven establecido nas Normas de Organización e Funcionamento (NOF) do centro que participará novamente na convocatoria de voluntariado de bibliotecas escolares, co cal terán recoñecemento da súa labor.

2.8 A participación do centro na convocatoria de Clubs de Lectura implica que as xefaturas dos departamentos organicen actividades específicas de lectura e a súa explotación para distintos niveis cunha periodicidade mensual ou bimensual. Esta actividade ten como obxectivo, ademais do fomento da lectura nas linguas obxecto de estudo, a mellora da comprensión escrita e da expresión oral.

2.9 Sempre e cando se solucione a xestión do seguro que precisan todos os membros da asociación de alumnado e ex alumnado “Goethe” e os participantes nas súas actividades, os responsables desta asociación coordinarán coa vicedirección as actividades propostas por eles e xestionarán a través da xefatura de estudos os espazos para a súa realización. A inicio de curso os responsables da asociación achegarán a súa proposta de actividades á vicedirección, que as incluírá na programación de actividades complementarias e extraescolares.

2.10 As coordinacións de nivel, en colaboración coa xefatura de recursos e a encargada da biblioteca farán unha selección de actividades de autoaprendizaxe para o alumnado dos distintos niveis. Fomentárase entre o profesorado a realización de actividades de aula ordinaria que impliquen un uso posterior dos recursos de auto aprendizaxe.

Así mesmo, o uso de aulas virtuais e outros medios de traballo colaborativo sobre o que o profesorado se vén formando nos últimos anos tamén fomenta a aprendizaxe autónoma xa que facilita a utilización de material e recursos que o profesorado pon a disposición do alumnado para que poida seguir o proceso de aprendizaxe fóra da aula ao seu propio ritmo.

2.11 Facilitárase información ao profesorado sobre cursos de formación e fomentárase a participación en cursos específicos. Ademais, este curso estamos a participar nun Plan de Formación Permanente de Profesorado (PFPP) cun plan que se adapta ás nosas necesidades formativas tanto polos obxectivos e contidos como pola temporalización.

A EOI de Ferrol tamén participará na convocatoria para acreditar centros e persoas coordinadoras e titoras para o desenvolvemento do prácticum correspondente ao máster en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2023/24.

- 2.12 A vicedirección, coa colaboración das xefaturas de departamento, poñerá todos os medios e recursos para levar a cabo as visitas organizadas ao centro, clases mostra e carteis publicitarios a partir do comezo do 2º cuadrimestre de curso. A xestión da actividade realizarase na CCP onde se establecerán as datas, horarios, espazos e profesorado encargado de levar a cabo a actividade. A información relativa á actividade envíase aos centros da comarca destinatarios da actividade a inicio de curso para que poidan planificar e solicitar con tempo a actividade.
- 2.13 O plan de autoprotección do centro foi renovado durante o curso 2022-2023 como resultado da participación do persoal do centro nun curso específico sobre este tema e aprobado e rexistrado en REGAPE en outubro 2022.
- 2.14 A dirección fomentará o uso máis racional de papel animando a toda a comunidade a utilizar soportes tecnolóxicos na transmisión da información. Tamén fomentará o uso de produtos ecolóxicos e reutilizables así como doutras medidas que contribúan ao aforro enerxético. Así mesmo, levouse a cabo o cambio dos sistemas de iluminación tradicionais de todas as dependencias do centro por sistemas Led, mais sostibles e instaláronse electroválvulas dixitais nos radiadores para controlar as temperaturas das aulas no inverno.
- 2.15 Todas as actividades, tanto fóra coma dentro da aula, respectarán a igualdade entre homes e mulleres. Así mesmo, seguirase tentando usar sempre a linguaxe de xeito non sexista en toda a información do centro.
- 2.16 Co fin de internacionalizar o centro, creouse un “Equipo Erasmus” constituído o día 15 de setembro e formado por 3 membros de equipo directivo (a dirección, a vicedirección e a secretaria), a coordinadora de proxectos Erasmus+ (María José Conde Torrado), un membro do departamento de alemán (Encarnación Oubiña Parracho), un membro do departamento de francés (Virginia Fernández González) e un membro do departamento de inglés (María Rosario Hermo Fuciños). Este equipo encargárase de entaboar relacións con institucións a nivel internacional para a creación dunha rede de contactos que permita o intercambio e o traballo colaborativo sostible no tempo por medio de ferramentas en liña. Ademais diso, este equipo elaborará un plan que inclúe a acollida no centro de actividades formativas (cursos, observacións e/ou mobilidades) e a realización das mesmas no estranxeiro para o alumnado e o profesorado do centro, o cal se levará a cabo nos vindeiros catro anos. Así mesmo, o equipo difundirá toda a información relacionada coas actividades de internacionalización para que toda a comunidade poida participar, intercambiando experiencias, enfoques e estratexias metodolóxicas e mellorando as competencias lingüísticas.

3. Horario xeral da EOI

O horario xeral de oferta educativa ordinaria para o curso 2023-2024 abrangue dende as 9.00 ata as 22.00, de luns a xoves, e dende as 9.00 ata as 19.00, os venres.

Segundo o *Real Decreto 1041/2017, de 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico a efectos de certificación, establécese o currículo básico dos niveis Intermedio B1, Intermedio B2, Avanzado C1, a Avanzado C2, das Ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as Ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e o Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia*, os grupos ofértanse en franxas de 2 horas dous días por semana ou 1 hora e vinte minutos tres días por semana para os cursos anuais e integrados. Os cursos intensivos impártense semanalmente en catro sesións de 2 horas. Os cursos de destrezas ou de especialización teñen unha organización modular cunha duración de 60 ou 120 horas.

Os **critérios** á hora de asignar as bandas horarias son as seguintes:

1. Demanda do alumnado de franxas horarias determinadas (sobre todo as primeiras horas da mañá e as últimas da tarde).
2. Enquisas levadas a cabo dende as xefaturas de departamento a finais de curso para estudar as preferencias do alumnado oficial. As xefaturas de departamento na comisión de coordinación pedagóxica fan sempre a súa proposta para o seguinte curso.
3. Continuidade de horario do curso anterior sempre e cando sexa posible. Se houberse fusión de grupos, terase en conta o número de posibles aptos en xuño, a regularidade de asistencia en cada unha das franxas e as enquisas levadas a cabo. Segundo a información recollida, tentarase dar continuidade en horario ao maior número de alumnado. De non ser posible, buscarase un horario intermedio para fusionar os grupos.
4. Dispoñibilidade de espazo físico e recursos humanos, xa que o número de aulas e profesorado non sempre fai posible a oferta das franxas horarias desexadas.
5. A asignación das bandas horarias das actividades complementarias non lectivas, sempre que sexa posible, tendo en conta os recursos humanos e espazos físicos, farase valorando a posible participación do alumnado na franxa horaria de maior asistencia.



6. Demanda do alumnado dos cursos monográficos ou de especialización e as posibilidades de compatibilizar estes coa oferta de cursos de certificación.

Os horarios do alumnado oficial e a distancia, cursos semi, cursos CALC, cursos de formación de profesorado, cursos de preparación aos CELGA, cursos monográficos (tamén recoñecidos como “cursos de destrezas”) así como o do equipo directivo, da biblioteca e da xefatura de recursos queda reflectido no DOC e a súa vez están expostos no taboleiro de información do centro na entrada principal, así como tamén nas diversas dependencias e na páxina web do centro.

Os horarios de actividades lectivas e atención nas seccións da EOI en Cedeira e As Pontes axústanse á dispoñibilidade do centro onde están establecidas. Por norma xeral, son en quenda de tarde de 16.30 a 21.30 na sección de Cedeira e de 16.00 a 21.00 na sección das Pontes.

4. Horario de atención ao público

A escola abre as súas portas ao público ás 08.30 e pecha ás 22:00 en horario continuado, agás o venres cando pecha ás 19.00. Durante ese horario hai persoal de conserxaría para atender aos usuarios.

En canto á oficina, o horario de atención ao público é de 09:00 a 14:00 horas de luns a venres e os luns e os xoves de 17:00 a 20:00 horas.

O horario do equipo directivo móstrase no cadro seguinte:

| | QUENDA DE MAÑÁ | QUENDA DE TARDE |
|------------------------|--|--|
| DIRECTORA | luns: 9.30 a 11.00 e 13.30 a 14.30 mércores: 9.30 a 11.00 e 13.00 a 14.30 venres: 9.30 a 11.00 | martes: 20.00-21.00 xoves: 17.00 a 18.00 e 20.00 a 21.00 |
| VICEDIRECTORA | martes: 13.00 a 14.00 xoves: 10.00 a 11.00 venres: 9.00 a 13.00 | luns: 16.00 a 18.00 mércores: 16.00 a 18.00 |
| XEFA DE ESTUDOS | mércores: 11.30 a 13.30 venres: 11.00 a 13.00 | luns: 16.30 a 19.30 martes: 16.30 a 18.00 xoves: 16.00 a 17.30 |
| SECRETARIA | martes: 9.00 a 13.00 xoves: 9.00 a 13.00 venres: 11.00 a 13.00 | |

O horario de xefatura de estudos da sección da EOI nas Pontes móstrase no cadro seguinte:

| DÍA | HORARIO |
|-----------------|---------------|
| luns | 18.00 a 19.00 |
| martes | 18.00 a 19.00 |
| mércores | 18.30 a 18.30 |
| xoves | 18.30 a 19.00 |
| venres | 11.00 a 14.00 |

O horario de xefatura de estudos da sección da EOI en Cedeira móstrase no cadro seguinte:

| DÍA | HORARIO |
|-----------------|-------------------------------|
| luns | 18.30 a 19.30 |
| martes | 15.00 a 15.30 |
| mércores | 15.00 a 15.30 e 18.30 a 19.30 |
| xoves | 15.00 a 16.00 |

O **horario de atención ao público en períodos vacacionais** é de 10.30 a 12.30 en días laborais, agás nos períodos de matrícula onde a atención ao público é de 09.00 a 14.00.

O día non lectivo elixido polo claustro e aprobado polo consello escolar é o venres 13 de outubro de 2023 e o martes 19 de marzo de 2024 foi elixido día festivo no Concello de Ferrol. Polo tanto eses días non haberá actividade lectiva nin atención ao público.

As sección de Cedeira e As Pontes terán como día/as non lectivo/s os que fosen elixidos polo claustro do IES Punta Candieira e IES Castro da Uz, respectivamente.

5. Cadro xeral horario de atención titorial

| PROFESOR | TITORÍA |
|---------------------------------------|---|
| Boisseau , Claire | luns, de 20.00 a 20.30 e martes de 11.00 a 11.30 |
| Cagigao Losada, M ^a Alicia | luns e mércores, de 17.30 a 18.00 |
| Carballido Ponte, Felicitas | martes, de 20.00 a 20.30 e mércores, de 15.30 a 16.00 |
| Cartelle Cudilleiro, José Antonio | martes, de 13.00 a 13.30 e mércores, de 20.00 a 20.30 |
| Castro Lopes, Maurício | luns, de 11.00 a 12.00 |
| Conde Torrado, María José | martes, de 13.00 a 14.00 |
| Cunha de Oliveira, Marília Inês | xoves, de 17.00 a 18.00 |
| De la Torre Sotelo, Moisés | martes, de 11.00 a 11.30 e mércores, de 17.30 a 18.00 |
| de Pablo Leonardo, María Elena | martes, de 13:00 a 14:00 |
| Delle Monache , Marco | martes, de 17.30 a 18.00 e mércores, de 10.30 a 11.00 |
| Dopico Rodríguez, Ana María | mércores, de 18.30 a 19.00 e xoves, de 18.00 a 18.30 |
| Fernández González, Virginia | mércores, de 8.30 a 9.00 |
| Ferreiro Veiga, Marta | luns e mércores, de 13.00 a 13.30 |
| Ferreño Diéguez, Cristina | martes, de 13.30 a 14.00 e mércores, de 15.30 a 16.00 |
| García Cacicedo, Sara | luns, de 19.00 a 20.00 |
| García Carracedo, María Julia | luns e xoves, 16.00 a 16.30 |
| García Martínez, Susana | martes, de 18.00 a 19.00 |
| Gesto Cordal, Margarita | martes, de 13.00 a 13.30 e mércores, de 15.30 a 16.00 |
| Gómez Cobo, Alejandra | mércores e xoves, de 11.00 a 11.30 |
| Gómez Iglesias, María | martes, de 18.30 a 19.00 |
| González Álvarez, María José | luns, de 13.00 a 13.30 e xoves, de 17.00 a 17.30 |
| González Vergara, Lidia | luns, de 20.00 a 20.30 e xoves, de 13.00 a 13.30 |
| Guravich Gamblin, Xulia Beth | martes, de 8.30 a 9.00 e mércores, de 15.30 a 16.00 |
| Guzmán Aneiros, Elena | luns, de 17.30 a 18.00 |
| Hermo Fuciños, María Rosario | luns e mércores, de 15.30 a 16.00 |
| Lamas Otero, Manuela | luns, de 18.00 a 19.00 |
| López Caramés, Helena María | mércores, de 15:30 a 16:00 e xoves, de 11:00 a 11:30 |
| López Santos, Sandra Isabel | luns, de 18.00 a 19.00 |
| Mc Kevitt, Kerry Ann | luns, de 13.00 a 13.30 e martes, de 17.30 a 18.00 |
| Montes Rodríguez, María Raquel | martes e mércores, 18.30 a 19.00 |

| | |
|------------------------------|---|
| Oubiña Parracho, Encarnación | martes, de 11.00 a 12.00 |
| Parada Queija, María Nieves | luns, de 17.30 a 18.00 e xoves, de 8.30 a 9.00 |
| Polo Gundín, Pilar | martes e mércores, de 18.00 a 18.30 |
| Rei Castro, Amanda | martes, de 18.00 a 18.30 e venres, de 8.30 a 9.00 |
| Rubido Termeñón, Mary | martes de 15.30 a 16.00 e xoves, de 20.00 a 20.30 |
| Rodríguez Bugía, Juana María | luns, de 17.30 a 18.00 e martes, de 13.00 a 13.30 |
| Sánchez Díaz, Rocío | martes e mércores, de 17.30 a 18.00 |
| Tenreiro Beceiro, Ana | luns, de 13.00 a 13.30 e martes, de 17.30 a 18.00 |
| Vilas García, Josefa | martes, de 17.30 a 18.00 |

As xefaturas de departamento terán o seguinte horario de atención ao público:

| Departamento | Atención ao público |
|--------------|----------------------------|
| Alemán | luns, de 10.00 a 11.00 |
| Español | martes, de 10.00 a 11.00 |
| Francés | martes, de 11.30 a 12.30 |
| Galego | mércores, de 18.00 a 19.00 |
| Inglés | mércores, de 13.00 a 14.00 |
| Italiano | luns, de 13.00 a 14.00 |
| Portugués | venres, de 11.00 a 12.00 |

6. Horario de utilización das instalacións da EOI

- **Uso das aulas**

Durante todo o horario lectivo.

- **Uso da biblioteca**

Estará aberta dende o 11 de setembro de 2023 ata o 24 de maio de 2024, sendo o horario de apertura:

| | Mañá | Tarde |
|-----------------|--------------|--------------------------------|
| luns | 9.00 a 14.00 | 16.00 a 18.00 18.30 a 20.00 |
| martes | 9.00 a 13.00 | 16.30 a 21.00 |
| mércores | 9.00 a 14.00 | 18.30 a 20.00 |
| xoves | 9.00 a 12.00 | 16.00 a 19.30 |
| venres | 9.00 a 12.00 | |

Este horario é revisable e pode variar ao longo do curso dependendo da dispoñibilidade do profesorado, da incorporación de profesorado substituto e da incorporación de alumnado voluntario. A información na páxina web e na biblioteca será actualizada puntualmente cando se produzan cambios.

- **Uso do salón de actos**

Durante todo o horario lectivo, previa solicitude a través da vicedirección.

- **Uso da cafetería**

De luns a xoves de 8.45 a 13.15 e de 15.45 a 20.15, e os venres de 8.45 a 13.15 e pola tarde, segundo as necesidades do centro.



7. Calendario de avaliación da PXA e de autoavaliación da escola

A consecución dos obxectivos establecidos neste documento revisaranse trimestralmente en reunión de Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Durante o mes de xuño realizarase a avaliación xeral. Os datos recolleranse nas memorias correspondentes que reflectirán os resultados cualitativos e cuantitativos da avaliación.

Esta programación foi aprobada polo claustro o día 19 de setembro de 2023 e o consello escolar o día 20 de setembro de 2023.

A directora